

A PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE OS SEXOS NO DEPORTE: o enfoque na FEGADO

Dende hai anos, promoción da igualdade entre os sexos no deporte é unha das METAS prioritarias dentro do Proxecto Deportivo da FEGADO: **promoción do incremento de participación daquel xénero cuxa práctica sexa minoritaria dentro da práctica deportiva desta federación.**

Non é un apartado que, no marco dun deporte minoritario non olímpico, veñamos desenrolando nas anteriores convocatorias do CONVENIO, pero en calquera caso **a FEGADO estaría disposta a ampliar a información en caso de ser requerida pola Secretaría Xeral para o Deporte.**

Son puntos fortes da FEGADO respecto da igualdade entre os sexos tanto a nivel competición ou evento como a nivel de funcionamento interno:

- Especialidade de Orientación a Pé. O **Campionato Galego de Remudas Mixtas 2024** é o evento que tradicionalmente pecha a tempada no mesmo día en que se entregan as premiacións das Ligas. É un evento no que priorízase que as remudas teñan un mínimo dunha compoñete feminina, clasificando os equipos con participación feminina sempre por diante dos equipos únicamente masculinos. Esta filosofía de traballo foi exportada á Federación Estatal de modo que os Campionatos de España de Remudas Mixtas teñen o mesmo valor que o Campionato de España de Remudas Clásicas. Tamén nos últimos anos o **CESA** en idade Escolar evolucionou cara á desaparición das remudas do mesmo sexo, en favor das remudas mixtas.
 - o Esta medida estrutural de **Remudas Mixtas** será especialmente relevante no 2024 cando o CECEO e o CESA de Orientación a Pé en Idade Escolar será organizado por nós Galicia.
- Especialidade de Raid de Orientación. Tradicionalmente a especialidade de Raid contén fórmulas que garanten a presenza de compoñentes femininas nos equipos das categorías absolutas que optan á loita pola clasificación xeral da Liga Galega. Existe una Liga Galega de Raid de Orientación 2024.
- Especialidade de Orientación de Precisión (TRAIL-O). Nesta especialidade que non existe a distinción nin por idade nin por xénero. Somentes existe unha categoría OPEN e outra PARALÍMPICA. Existe una Liga Galega de Trail-O 2024.

- Participación de mulleres nos equipos galegos das Ligas Nacionais. A FEGADO adopta políticas de facerse cargo das inscricións dos equipos mixtos ou íntegramente femininos nas especialidades de **Raid de Orientación** e **Ultra-Score Rogaining** de equipos nas categorías que optan aos Campionatos de España.
 - o Esta medida estrutural será especialmente relevante no 2025 cando o **Campionato de España de Raids de Orientación e Aventura** será en Galicia. A proximidade xeográfica máis as políticas de axudas aos equipos con componentes femininas nas categorías absolutas resultará nunha maior presenza de mulleres.
- Damos visibilidade nas RRSS da FEGADO ás especialidades do deporte feminino e mixto.
- Damos visibilidade nas RRSS da FEGADO ao feito de que da FEGADO está presidida por mulleres na figura de presidenta, vicepresidenta, vogalía de Orientación a Pé, vogalía de MTBO, vogalía de Deporte Escolar e Universitario e vogalía de Comunicación.
- Aplicamos o principio de discriminación positiva na designación de persoas colaboradoras, persoas relacionadas coa formación e coa tecnificación.
- Aplicamos o regulamento na liña de que permite que as mulleres poidan competir nas categorías masculinas, tanto a nivel individual como no deseño dos equipos de Remudas que representan oficialmente á Comunidade Autónoma de Galicia (Seleccións Galegas).